

As actividades do Samaín realizaranse os días 28, 29 e 30 de outubro.

**1ª Actividade: "Concurso de cabazas".**

As cabazas entregaranse no centro a partir do día 27 de outubro ata o 30 de outubro, día que a levarán de volta para ás súas casas. As cabazas deberán traer o nome do/a alumno/a. O xoves 30 decidiranse os gañadores. A entrega de premios será o venres 7 de novembro. (Coincidindo ca celebración do Magosto)

- Educación Infantil e Primaria: Remítirase unha circular ás familias do alumnado de EI e 1º ciclo de EP explicando a organización da actividade, será conveniente comentar ao resto de alumnado de primaria os días que poderán entregar as cabazas no centro.

Premios:

2 premios para Educación infantil e Educación primaria ás cabazas máis orixinais.

1 premio para Educación infantil e Educación primaria á cabaza adornada con material de reciclaxe.

1 premio para Educación infantil e Educación primaria á cabaza adornada con motivos relacionados coa temática da horta.

- Educación Secundaria:

Premios:

2 premios para Educación Secundaria ás cabazas máis orixinais.

1 premio para Educación Secundaria á cabaza adornada con material de reciclaxe.

**2ª Actividade: "Relatos de terror".**

Concurso de relatos de terror dirixido ao alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

- Infantil e Primaria: O título do conto será "Un día de terror na horta". Os alumnos/as entregarán os relatos aos titores/as antes do xoves 30 de outubro. Os titores/as farán unha selección entre os mesmos e entregarán aos membros do equipo de dinamización lingüística un **máximo de dous relatos por titoría**.

Premios:

1 premio por ciclo.

A entrega de premios farase o venres 7 de novembro. (Coincidindo ca celebración do Magosto)

- Secundaria: Os alumnos/as entregarán os relatos de terror aos membros do equipo de dinamización lingüística antes do venres 24 de outubro.

Modalidades:

- Microrrelato impreso ( máximo 300 palabras).
- Microrrelato dixital en Twitter ( máximo 140 caracteres

Premios: 1 premio por ciclo e por categoría.

A entrega de premios farase o venres 7 de novembro. ( Coincidindo ca celebración do Magosto)

### **3ª Actividade: "Contos que meten medo"**

- Primaria.

1ª Actividade: A actividade levarase a cabo na Biblioteca de Secundaria. Alumnos de Secundaria amenizarán aos compañeiros de Primaria contándolles contos de medo na hora do proxecto lector (11:45-12:05)

- Martes 28 de outubro: 1º ciclo
- Mércores 29 de outubro: 2º ciclo
- Xoves 30 de outubro: 3º ciclo.

2ª Actividade: O alumnado de 3º ciclo baixará a ler contos de terror ó alumnado de Infantil e primeiro ciclo o mércores 30 de outubro.

- Secundaria.

1ª Actividade: "Teño medo de...". A actividade levarase a cabo na Biblioteca o martes 28 de outubro. Alumnos comentarannos os seus medos máis ocultos.

2ª Actividade: A actividade levarase a cabo na Biblioteca. Nos 1º recreos do 29 e 30 os alumnos/as gañadores do curso pasado do concurso "Relatos de terror" leranlles aos seus compañeiros ditos contos, así coma outros relatos de escritores de contos de medo.

**4ª Actividade:** "Sobremesas terroríficas". Nos recreos na Biblioteca durante a lectura dos contos de terror repartiremos sobremesas terroríficas.

**5ª Actividade:** A actividade levarase a cabo na Biblioteca. Nos 1º recreos do 29 e 30 proxectarase unhas curtas relacionados co medo e co Samaín.

**6ª Actividade:** Exposición de libros e películas de medo na entrada do centro.

**7ª Actividade:** Decoración acorde co Samaín dos centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.